



*Ribeira.*

**XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS**, Concelleiro - Voceiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste concello, presenta a seguinte proposición ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o Alcalde, **PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN QUE ELABORE UN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

É relativamente recenté - Sesión Extraordinaria do 7 de Febreiro de 2012 - a aprobación inicial do Regulamento Orgánico Municipal de Ribeira que entrou en vigor coa súa publicación en abril, segundo a normativa vixente, mais segue pendente a elaboración dun Regulamento de Participación Cidadá.

Unha das características máis salientábeis da sociedade ribeirense é a existencia dun asociacionismo moi diverso, dinámico e plural.

Dun tempo a esta parte ao tecido tradicional da rede de entidades veciñais, asociacións culturais, clubs deportivos, ONG e asociacións de todo tipo, sumouse a creación de novas agrupacións que son asemade a base dun movemento social e participativo que vertebra e dinamiza a sociedade, non só ribeirense senón tamén barbanzá. Así podemos dicir que na cidade de Ribeira crearonse plataformas cívicas que pulan pola defensa dos dereitos cidadáns polo progreso o desenvolvemento e benestar dos habitantes da Comarca da Barbanza da que Ribeira é cabeceira, vangarda innovadora e dinamizadora como xa é tradicional dende hai moitos anos. Podemos enumerar algunhas: Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Barbanza, Asemblea en Defensa do Ensino Público da Barbanza, Stop Desahucios Barbanza, Indignados Barbanza, Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza, Afectados polas Participacións Preferentes da Barbanza, Alianza Social da Barbanza...

No Concello de Ribeira non hai en vigor ningún regulamento que permita aos cidadáns participar na toma de decisión que lles afectan directamente, como poderían ser os "Orzamentos Participativos". Semella aínda de máis difícil comprensión que non estea regulada a posibilidade de que os representantes lexítimos destas entidades non poidan participar nos plenos municipais.

Dende o BNG entendemos e cremos que é obriga dos poderes públicos fomentar a participación da cidadanía na toma de decisións que lles afectan. Do mesmo xeito que consideramos que debера este concello regular a participación directa nos plenos en asuntos nos que se sintan directamente concernidos.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**1º - Que se constitúa unha comisión de traballo na que estean representados todos os partidos políticos da corporación municipal coa finalidade de elaborar un regulamento de participación onde, entre outras cousas, se poidan pór en marcha os “Orzamentos Participativos” por parroquias e que permita dar voz á cidadanía nos plenos municipais.**

**2º - Que esta comisión se constitúa canto antes para que nun prazo razoábel se poida ter o regulamento de participación cidadá en vigor.**

Ribeira, 30 de xaneiro de 2013.

Asdo.: Xosé Antonio Vázquez Cobas.

